

Estimados Pais e Nais:

A continuación detallamos as instrucións de chegada ás instalacións o día 5 de novembro. Tal e como comentamos nas instrucións, cada centro educativo ten asignada unha hora específica á que deberá entrar no curso residencial, polo que lles pregamos que lean estas instrucións coa maior atención posible.

### Instrucións de entrada e saída

Para a mellor organización do campamento, na seguinte táboa pódense atopar os horarios de entrada do curso residencial.

Debido á situación xeográfica na que está a aldea Os Peares, contamos cun número moi reducido de espazos para aparcas, polo que lles agradecemos a súa colaboración de antemán e lles pregamos que cumpran as seguintes instrucións coa maior exactitude posible para axudar á correcta e rápida recepción dos alumnos e as alumnas

A entrada e a saída ao campamento farase do seguinte xeito:

Centro educativo	36018461 IES República Oriental do Uruguai Vigo Pontevedra
Hora de entrada	Domingo 5 de novembro 16:00 a 16:20
Hora de saída	Sábado 11 de novembro 10.00 a 10.20

Tal e como se mencionou anteriormente, dado que existe un número moi pequeno de prazas para aparcas, os pais e nais poderán acompañar os seus fillos e fillas á entrada por un tempo aproximado de 15-20 minutos como máximo e, transcorrido ese tempo, as familias terán que abandonar as instalacións para permitir a entrada do seguinte grupo de alumnos e alumnas.

Cando cheguen ao recinto, deberán acompañar o seu fillo ou filla xunto coa súa equipaxe ás mesas designadas para o seu rexistro no edificio Aulario. Na entrada atoparán 4 mesas: as dúas primeiras son para o rexistro. Todos os alumnos e as alumnas terán que pasar por estas mesas e deberán entregar os documentos orixinais enviados por Play and Say, asinado en todas as follas, a tarxeta sanitaria e o DNI. Unha vez entregada toda a documentación, o alumno ou alumna recibirá un adhesivo cos seguintes datos: nome completo, número de grupo, número de cuarto, nº de aula, nome do profesor ou profesora e nome do seu monitor ou monitora. O alumno ou alumna deberá levar este adhesivo nun lugar visible para a súa rápida identificación.

A terceira mesa está dedicada exclusivamente ás cuestións médicas. Aqueles ou aquelas participantes que teñan calquera incidencia médica da que deban informar terán que pasar co seu pai e/ou nai por esta mesa para entregar os seus medicamentos e para dar calquera información que consideren relevante para que atendamos do mellor

xeito posible os nenos e nenas. É moi importante que os medicamentos estean todos xuntos nunha bolsa identificada cos seguintes datos: nome completo do alumno ou alumna, idade, data de nacemento e as instrucións detalladas de como e cando as ten que tomar. Ademais, a persoa que estará a cargo desta mesa tomará nota de todas as especificacións do tratamento e farase cargo de subministrarllo ao alumno/a nos horarios que se indiquen. Por favor, pregamos a maior especificación posible sobre os medicamentos e/ou doenzas dos alumnos e alumnas.

Finalmente, a cuarta mesa ocuparase de resolver as incidencias e a ela deberá acudir aqueles alumnos e alumnas que non estea nas nosas listaxes pero que fose confirmado ou que teñan calquera problema administrativo, ben sexa directamente coa Xunta ou con Play and Say.

Unha vez finalizado o proceso de rexistro, os alumnos e alumnas deberán dirixirse á aula que indica o seu adhesivo para reunirse co seu profesor ou profesora e co resto dos compañeiros do grupo e os pais e nais deberán abandonar as instalacións.

A hora máxima á que poderán chegar os alumnos e alumnas o día 5 de novembro é ás 21:00 h. Pasada esta hora deberán traer os nenos ou nenas ao día seguinte e deberán comunicárnolo previamente.

#### Saídas e entradas do campamento fóra dos horarios establecidos

Aqueles alumnos e alumnas que, por motivos alleos á organización do campamento, teñan que chegar despois das 18:00 h do día 5 de novembro ou teñan que ser recollidos antes das 10:00 h do día 11 de novembro deberán comunicalo no formulario enviado, na folla de incidencias, co día e a hora exactos nos que se presentarán no campamento.

No caso de que, por algún motivo, o alumno ou alumna se deba ausentar do campamento unha vez iniciado, deberá comunicalo no formulario anteriormente indicado. Así mesmo, o día de recollida do alumno ou alumna o representante legal deberá identificarse co seu DNI e asinar unha autorización de saída na que se fai responsable do ou da menor durante o tempo que estea fóra do campamento.

Se o alumno ou alumna se ausentou durante un período de tempo e á volta quere participar no almuerzo deberá estar antes das 09:00 h, se quere participar no xantar deberá estar antes das 14:00 h e se quere participar na cea deberá chegar antes das 21:00 h, sempre con previo aviso e sendo puntual.

Se precisan algunha aclaración, non dubiden en contactar connosco.

Reciban un cordial saúdo,

Enderezo:

Os Peares, Pena, Carballeda, Lugo.

Para Google maps: 27533 A Pena, Lugo, Galicia

Coordenadas: 42.4629315,-7.7250365